

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 4 DE DECEMBRO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 4 de decembro de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez

Non asiste D. Vítor Manuel Sierra Nieves cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 6 de novembro de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 6 de novembro de 2014 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a aprobación convenio de colaboración con ADIF para construción dun paso inferior peonil no km. 297/725.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 27 de novembro de 2014 polo Alcalde que fai uso da palabra para dicir que este asunto foi explicado xa suficientemente na Comisión, que hai que asinar un convenio con ADIF polo 50% do importe real do contrato, que foi o compromiso que se asumiu por parte do Concello para executar a obra e que os técnicos de ADIF dixeron que o convenio ten que estar asinado antes do inicio dos trámites de adxudicación e o ingreso ten que estar feito antes do inicio da obra. Di o Alcalde que a obra é estrutural para o Concello do Barco polo que se vai a asumir e dotarase no orzamento unha partida de 153.000€ para esta obra.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que di que antes de comezar a intervención sobre o presente asunto, aínda que xa se transmitiu, quere que conste o pesar do seu Grupo polo pasamento da nai da concelleira sra. Dacal Feijoo. Logo desto prosegue o concelleiro dicindo que o seu Grupo está de acordo co Alcalde en que a obra a tratar é esencial e importantísima para mellorar a comunicación fundamentalmente peonil cunha zona do Barco que o necesita e así o ven demandando. Di o sr. Blanco que o que non se pode facer é traer ao Pleno a proposta de convenio cun informe de Secretaría desfavorable, que sabe que o Alcalde ten a súa forma de traballar, é quen dicide, pero que o seu Grupo non pode dar o voto favorable neste punto, que non entende que si esta obra está planificada dende fai tempo, pois segundo os veciños esta obra foi prometida polo sr. Alcalde na primeira lexislatura que gobernou, chega quince anos tarde e por riba cun informe desfavorable da Secretaría, aínda que el pensa que as cuestións expostas no informe son emendables. Di o voceiro que o que lle parece grave é que o propio Secretario do Concello teña que poñer no informe a definición que a RAE fai da palabra “coordinar”, que o sr. Alcalde tería que facer unha reflexión. Fai o sr. Blanco lectura dalgunhas das recomendacións que figuran no informe emitido pola Secretaría. Remata o voceiro dicindo que o seu Grupo votaría a favor do punto número dous do ditame, a aprobación do compromiso, pois están de acordo con que se fagan as obras, pero que presentando un informe desfavorable da Secretaría non é razoable apoiar o ditame.

Di o sr. Alcalde que o problema fundamental é que ó Grupo do PP non lle gustou este acordo ao que se chegou con ADIF para resolver o problema, que xa lle sorprendeu ó voceiro do PP cando recibiu a chamada do ADIF no mes de maio, comunicándolle que se había chegado a un acordo. Di que ó alcanzarse o acordo adiantouse todo o proceso, pois co Director Xeral chegárase a un primeiro acordo de que se asinaría o convenio na primavera do ano 2015, iniciándose as obras ó final dese ano e rematándoseas no ano 2016, pero os técnicos que participaron no proxecto foron sensibles á necesidade desta obra e adiantaron todo o proceso. Di que o Subdirector Xeral, cando el foi a Madrid a pechar todo o tema, trouxo un borrador do Convenio e o acordo cunhas propostas concretas, aínda que despois os técnicos de ADIF non estiveron de acordo e remitiron eles o convenio actual. Di o alcalde que, como xa o falou co Secretario, no informe defínese “coordinar” pero iso non vai dirixido a el senón que vai a quén redactou o convenio e non foi o Alcalde, e a verdade é que o convenio non deixa claro durante canto tempo vai a estar aberto ao uso, pois igual podería ADIF pechalo, e eso é ao que se fai referencia no informe do Secretario e no que se basea para informalo desfavorablemente, que xa llo transmitiu a ADIF e dixéronlle que ese modelo de convenio é o que asinan en todas as partes e é o que teñen e non no ían a cambiar, que o Concello do Barco ten firmado varios convenios de pasos subterráneos e en ningún deles pon ata cando dura ese paso, que ao sr. Blanco non lle gusta este acordo, porque igual esperaba chegar ata o 15 de maio con este asunto sen resolver, pois que o sinte moito, pero que como é un tema no que non hai ningunha dúbida de que se vai a facer o correcto, como se ven facendo entre os Concellos e Adif, este Concello vai a aprobar o convenio e cando se adxudique vai a ingresar o 50% que lle corresponde e se vai a resolver o problema dos veciños e o sr. voceiro do PP a ver cómo xustifica ante os veciños que vai votar en contra ou a absterse neste convenio.

Di o sr. Blanco Paradelo que, como sempre, o sr. Alcalde non ten culpa de nada soamente das cousas boas e que si ese convenio só foi feito por Adif, está mal feito porque o Alcalde ten de defender os intereses do Concello e que supón que non haberá ningún tipo de submisión ante ningunha Administración, e o Concello do Barco ten que defender os seus intereses e si ten que modificar algún parágrafo para defender a legalidade e os dereitos de todos os veciños e veciñas do Barco ten que facelo. Di o concelleiro que se limita a ler o informe e nel pon que é desfavorable recomendándolle algunhas cuestións que podería haber feito, pero o que pasa que o sr. Alcalde ten presa pois nese barrio foron moitas as promesas e moitos os incumprimentos e non se pode presentar ante os veciños do barrio con outro

papel sen ter feita a obra. Remata dicindo o sr. Blanco que hai un informe desfavorable e o seu Grupo non quere formar parte de acordos con informe desfavorable e que si ó sr Alcalde lle dá igual é a súa responsabilidade, que a obra parécelle importante pero chega 15 anos tarde e que os veciños saben que defenden esa obra e ese barrio e que polo tanto o seu Grupo vai a absterse neste punto.

Di o sr. Alcalde que defende os intereses do Concello, que non hai submisión e que nese convenio non hai nada que prexudique aos intereses do Barco de Valdeorras e si algo que beneficia aos intereses do pobo porque Adif vai a asumir esa obra. Prosegue dicindo o Alcalde que quere sinalar que o 50% da obra vai a asumila integramente o Concello do Barco porque a Xunta, a que se lle pediu axuda para o 50% do financiamento, nin está nin se lle espera, que xa o confirmou telefonicamente o Director Xeral da Axencia Galega de Infraestruturas, con quen falou xa dúas veces pedíndolle a colaboración cun Concello que xa tiña o 75% da inversión da obra, o 50% de Adif e o 25% que poñía o Concello, solicitando o 25% restante á Xunta pero dixeron que non tiñan diñeiro, entón si a Xunta non ten diñeiro o Concello do Barco buscarao para facer a obra.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

- 1.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e o Concello do Barco de Valdeorras, para a construción dun paso inferior peonil no km. 297/725, para a mellora da permeabilidade no núcleo urbano do Barco de Valdeorras (liña de Palencia á Coruña).**
- 2.- Aprobar o compromiso de dotar o crédito axeitado e suficiente no orzamento da corporación de 2015, para atender o compromiso inicial de achega, que acada os 153.214,59 €.**
- 3.- Habilitar ao Alcalde para a sinatura do devandito convenio, así como para actuar en representación do Concello en cantas actuacións podan derivarse do cumprimento das estipulacións contidas no mesmo.**

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a transferencia de crédito 17/2014.

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 27 de novembro de 2014 polo Alcalde que fai uso da palabra para dicir que se trata dun anticipo de caixa que pediu un traballador, que ten dereito a elo, que tamén foi ditaminado favorablemente na mesa de seguimento do Persoal.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o expediente de transferencia de crédito 17/2014 para dotar as partidas específicas de préstamos ao persoal 2014-920/830.00. e 2014-920/831.00, nos termos establecidos na lexislación en vigor, e co seguinte detalle:

FICHA DE TRANSFERENCIAS PROPOSTAS - expediente nº17/2014

PARTIDAS MINORACIÓN	IMPORTE MINORACIÓN	PARTIDAS AUMENTO	IMPORTES AUMENTO
2014 - 171/130.00 "Fondo Social: axudas sociais ao persoal funcionario"	4.081,21 €	2013 - 920/831.00 "Préstamos a L/P concedidos fora do sector público: anticipos ao persoal"	4.081,21 €
TOTAIS	4.081,21 €	TOTAIS	4.081,21 €

2. Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1. TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por D^a M^a Carmen Prieto Ramos.

O sr. Alcalde da conta do ditame de 27 de novembro de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de reparación de cuberta en Raxoá, cunha bonificación do 75% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada pola Comunidade de Propietarios Praza Maior nº 6.

O sr Alcalde da conta do ditame de 27 de novembro de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de reparación de fachada na Praza Maior nº 6, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por D^a Antonia Pilar Páramo López.

O sr Alcalde da conta do ditame de 27 de novembro de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de acondicionamento de fachada na rúa San Mauro nº 2, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

7º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, solicitude de bonificación no ICIO presentada por D. José Antonio Crespo Crespo.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Alcalde di que son obras de rehabilitación de fachada na rúa San Roque nº 28, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social e histórico-artístico, por tratarse dunha obra incluída no ámbito do PEPRI do Barco de Valdeorras, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, solicitude de bonificación no ICIO presentada por Dª Milagros Fernández Fernández.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr Alcalde di que son obras de rehabilitación de fachada na rúa San Roque nº 38, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social e histórico-artístico, por tratarse dunha obra incluída no ámbito do PEPRI do Barco de Valdeorras, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

9º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, solicitude de bonificación no ICIO presentada por Dª Rosa Paradelo Diéguez.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr Alcalde di que son obras de rehabilitación de fachada na rúa Real nº 5, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social e histórico-artístico, por tratarse dunha obra incluída no ámbito do PEPRI do Barco de Valdeorras, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

10º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, solicitude de bonificación no ICIO presentada por D. Pablo Israel Rodríguez López.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr Alcalde di que son obras de rehabilitación de vivenda na rúa San Roque nº 2, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social e histórico-artístico, por tratarse dunha obra incluída no ámbito do PEPRI do Barco de Valdeorras, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

11º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do P.P. relativa a “*proxecto para a construción de beirarrúas entre Veigamuños- A Proba*”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, quen dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“A estrada OU-0851, que une os núcleos poboacionais de Veigamuíños e a Proba, é unha vía de comunicación cada vez máis concorrida, tanto por vehículos como por peóns. A proximidade de novas vivendas, centros comerciais, fincas ou viñedos, así como a posibilidade de realizar un agradable paseo, que ademais enlaza con outras rutas moi frecuentadas por camiñantes, fai que sexa necesario extremar todas as medidas de seguridade.

Deste xeito, desde o Grupo Popular consideramos que a construción de beirarrúas ao longo dos 905 metros que comunican as dúas localidades sería unha resposta axeitada para que o uso de esta estrada resulte o máis seguro posible, tanto para vehículos coma peóns.

Tendo en conta que a Deputación Provincial de Ourense é a institución que ten a titularidade desta estrada o noso grupo propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O Concello de O Barco insta a Deputación Provincial de Ourense para que, a maior brevidade posible, redacte e execute un proxecto para a “construción de beirarrúas na estrada OU-0851 entre os núcleos poboacionais de Veigamuíños e A Pobra”, pertencentes ó termo municipal de O Barco de Valdeorras.”

Di o sr. Alcalde que primeiramente vai a adiantar o voto do seu Grupo, que vai ser favorable por unha razón moi sinxela e é que o seu Grupo sempre votou favorablemente a todas as peticións que se fixeron en comisións ou en Plenos, para que algunha administración fixera inversións neste Concello, que eles nunca se negaron a ningunha inversión no Concello viñeira de onde viñeira. Prosegue o Alcalde dicindo que tamén hai que contar a historia dende un principio e é que este Concello está acostumado a que cando se acercan as eleccións empezan as peticións a outras administracións para que fagan obras, que lle podería citar as dúas peticións, que a instancias do sr. Blanco presentaron antes das eleccións pasadas os pedáneos de Nogaledo e Outarelo para que a Deputación lles fixera dúas estradas, as cales autorizáronse pero non se fixo ningunha, aínda que máis tarde unha delas se fixo pero porque negociou o Alcalde co Presidente da Deputación para facela e que tamén pode citarlle máis obras propostas polo seu Grupo antes de eleccións como a obra da auga potable á Barxa ou as canalizacións de rego en Villabril, que despois as tivo que facer o Concello. Di que en relación coa estrada de Veigamuíños o voceiro do PP debería de saber, por ser daquela membro da Comisión de Obras, que no ano 2006 o Alcalde chegou a un acordo co Presidente da Deputación para que se fixera un estudo de custes para arranxar esa estrada e si se facía nas debidas condicións o Concello estaría disposto a asumir os custos de mantemento e que ese estudo do ano 2006 ascendía a case 500.000€, pois era unha estrada de 12 metros con rego asfáltico, beirarrúa de 1,80 polo un lado, tubaría de auga de máis de 1.500 mts. e saneamento na zona urbana, pero que o Presidente da Deputación dixo que era moito diñeiro e que non podía

facerse. Di o Alcalde que como ao Concello tamén lle pareceu moito diñeiro fíxose outra valoración de 255.000€, cambiando algunhas das condicións de obra da anterior valoración, pero ata o día da data non se recibiu contestación por parte do Presidente da Deputación e que despois desto o sr. Blanco Paradelo estivo catro anos como deputado na Deputación Provincial e podería ter posto un pouco máis de interese porque xa sabía deste proxecto. Di o Alcalde que desexa que se faga porque o Concello segue disposto a cumprir o seu compromiso de asumir o mantemento desa estrada. O alcalde critica a distribución da titularidade das estradas na provincia que cualifica de absurda ao existir estradas que dependen parcialmente da Administración Provincial e da local e que a estrada a que se refire a moción debería de ser municipal pero que o Concello non a vai asumir se non lla entregan coas garantías de que polo menos en oito ou dez anos non terá ningún custe de mantemento.

Concédeselle a palabra ao sr. Arias Fernández, concelleiro de Medio Rural, quen di que en relación coa estrada de Veigamuíños, el xunto con funcionarios da Deputación fixeron todas as medidas de dita estrada e xestionaron as cesións cos propietarios dos terreos.

Di o sr. Alcalde que é verdade que cando se fixo a última valoración fixéronse xestións cos propietarios, un por un, estando presente tamén o representante da Deputación, e todos os propietarios estiveron de acordo coa cesión dos mesmos, pero ata hoxe quedou todo igual.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, que di que convén recordar que nalgũa ocasión non se votou a favor dalgunhas iniciativas que presentou o PP no Concello cando gobernaba o bipartito e cando gobernaba Zapatero, que en relación co dito polo sr. Alcalde sobre presentación de peticións cando chegan as eleccións debería de valer para o 2º punto da Orde do día xa que o trae ó Pleno porque están aí as eleccións. Di que no período no que estivo el de deputado non se fixeron máis cousas por parte da Deputación porque o Alcalde non deixaba facelas, e que as estradas ás que fixo alusión o Alcalde intentouse facelas pero pedíronse permisos que para outras actuacións non se pediran e non se puideron facer. Di o concelleiro que o seu Grupo cre que é oportuno presentar esta iniciativa, por que lle gustaría que a petición chegue á Deputación apoiada polo Concello do Barco de Valdeorras e que iso é o positivo, remata dicindo que agradece o voto favorable á moción.

Di o sr. Alcalde que quere facer dúas pequenas correccións de fondo, a primeira é que el presentou o convenio de ADIF cando ADIF llo entregou e que ADIF está gobernada polo PP e que dixo publicamente e recoñeceu ao

Ministerio de Fomento, concretamente ao Director Xeral de ADIF, o trato que tiveron co Concello. En sendo lugar, o Alcalde di que o sr. Blanco falsea a situación, que non foi el o que puxo pegas a esas estradas senón que foi o enxeñeiro quen dixo que era solo rústico e que había que ter autorización da Xunta para facer a obra e que o sr. Blanco o sabe porque llo dixeron.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

O Concello de O Barco insta a Deputación Provincial de Ourense para que, a maior brevidade posible, redacte e execute un proxecto para a “construción de beirarrúas na estrada OU-0851 entre os núcleos poboacionais de Veigamuíños e A Pobra”, pertencentes ó termo municipal de O Barco de Valdeorras.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que hai dúas mocións urxentes, a primeira por erro non se incluíu na Orde do día, aínda que se debateu na Comisión de Persoal e trátase dunha proposta dos representantes dos traballadores, é dicir da CIG, de UXT e de CC.OO.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes, polo que procédese a tratar o asunto unha vez incluído na orde do día:

Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá relativo á proposta formulada pola Plataforma polo Anticipo da Idade de Xubilación-Policía Local.

O sr Alcalde dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os Orzamentos xerais do estado para o ano 2010 modificación mediante emenda presentada polos Grupos Parlamentarios Socialista e vasco, EAJ-PNV, a lei 40/2007, 4 de decembro, de medias en materia de Seguridade Social no referente á aplicación de coeficientes reductores na idade de xubilación para o Corpo da Ertzaina. A modificación lexislativa, necesaria, admitía o recoñecemento da

profesión de policía como colectivo especialmente vulnerable e necesitado de axustar a súa vida laboral á situación real, situación posibilitada na Lei Xeral da Seguridade Social que no seu artigo 161.1 bis ampara ás profesións de natureza especialmente penosa, tóxica, perigosa e insalubre, nas que se rexistren elevados índices de morbilidade ou mortandade. Devandito establecemento dos coeficientes reductores implica e esixe a realización previa de estudos sobre siniestralidade no sector, penoidade, peligrosidade e toxicidade das condicións de traballo, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera nos traballadores, e os requerimientos físicos esixidos para o desenvolvemento de devandita actividade.

En relación co colectivo de policías locais e autonómicos, dos estudos levados a cabo por distintos organismos, despréndese que existen indicios de peligrosidade e penosidade no desenvolvemento da súa actividade e que os requerimientos psicofísicos que se esixen para o seu ingreso no colectivo e o desenvolvemento da súa vida laboral non poden facerse a partir dunhas determinadas idades, cumpríndose desta forma os requerimientos esixidos na lexislación para a redución da idade de acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre.

Que a profesión policial, sexa cal sexa a súa dependencia orgánica, é unha profesión de risco, xa non se discute; a lexislación, os estudos realizados, a experiencia no desenvolvemento da profesión máxime en grandes cidades, avalan o adiantar a idade de xubilación.

A existencia da xubilación anticipada noutros Corpos de Seguridade do Estado, así como a recente inclusión da xa mencionada Policía Autonómica Ertzaina, non fan senón ratificar a necesidade de regulación e non discriminación, por analoxía do resto de policías: a igual risco igual cobertura. Un policía con idade avanzada é un risco para a súa propia seguridade no traballo e para unha eficaz protección dos cidadáns e dos seus bens. A seguridade é un Dereito da Cidadanía.

Por todo o exposto, INSTAMOS

ao Concello de O Barco de Valdeorras a que presente a seguinte Moción para o Anticipo da idade de xubilación das Policías Locais:

“O Concello de O Barco de Valdeorras insta á Secretaría de Estado da Seguridade Social, á Dirección Xeral da Ordenación do Territorio da Seguridade Social e á FEMP, a que propoñan ao Congreso dos Deputados a modificación lexislativa en materia de Seguridade Social que permita o adianto da idade de xubilación dos policías locais, a través da aprobación das seguintes medidas:

1ª A aplicación dos coeficientes reductores na idade de xubilación aos membros dos Corpos de Policías Locais do estado, nas mesmas condicións que se contempla na Disposición Adicional Cuadraxésima Quinta do Real decreto Lexislativo 1/994 polo que se aproba o texto refundido da lei Xeral da Seguridade Social, introducida pola Lei 40/2007, 7 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social.

2ª Solicitamos ao Goberno do Estado o recoñecemento “de risco” na profesión policial e, en consecuencia, a redacción dun catálogo de enfermidades profesionais co obxectivo de protexer a saúde e poñer fin á inxustiza dunha idade de xubilación que non teñen en conta a

siniestralidad no sector, a penosidade, peligrosidade e toxicidade das condicións de traballo, así como a incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera, e os requirimentos esixidos para o desenvolvemento do labor policial”

Di o sr. Alcalde que este asunto foi ditaminado favorablemente por unanimidade na Comisión de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá. Di que a súa intención foi que por ser un tema importante a proposta xa viñera acordada por unanimidade dos dous grupos municipais que estiveron na Comisión de Persoal e polo tanto así ven ao Pleno.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, que di que o seu Grupo tamén tivo unha reunión cos representantes da Policía Local e que están de acordo coa súa demanda polo que así o transmitiron la Comisión informativa. Di que entendía que tería que ser unha moción conxunta dos Grupos municipais, que así o manifestou e que pensa que é o máis razoable, incluso procedería haber invitado tamén ao representante do BNG, aínda que non estea, pois podía facer firma dixital e participar na moción.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

O Concello de O Barco de Valdeorras insta á Secretaría de Estado da Seguridade Social, á Dirección Xeral da Ordenación do Territorio da Seguridade Social e á FEMP, a que proponhan ao Congreso dos Deputados a modificación legislativa en materia de Seguridade Social que permita o adianto da idade de xubilación dos policías locais, a través da aprobación das seguintes medidas:

1ª A aplicación dos coeficientes reductores na idade de xubilación aos membros dos Corpos de Policía Locais do estado, nas mesmas condicións que se contempla na Disposición Adicional Cuadraxésima Quinta do Real decreto Lexislativo 1/994 polo que se aproba o texto refundido da lei Xeral da Seguridade Social, introducida pola Lei 40/2007, 7 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social.

2ª Solicitamos ao Goberno do Estado o recoñecemento “de risco” na profesión policial e, en consecuencia, a redacción dun catálogo de enfermidades profesionais co obxectivo de protexer a saúde e poñer fin á inxustiza dunha idade de xubilación que non teñen en conta a siniestralidad no sector, a penosidade, peligrosidade e toxicidade das condicións de traballo, así como a incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera, e os requirimentos esixidos para o desenvolvemento do labor policial.

Di o sr Alcalde que a segunda moción está presentada polo Grupo Municipal do PP e é relativa ao programa de prevención escolar contra a violencia machista.

A continuación o sr. Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobada por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes, polo que procédese a tratar o asunto unha vez incluído na orde do día:

Moción presentada polo grupo municipal do PP sobre programa de prevención escolar contra a violencia machista.

Concédeselle a palabra á concelleira sra. Delgado Fernández, que dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“Como cada ano el pasado martes 25 de novembro de 2014, se conmemoró el Día Internacional para la Eliminación de la Violencia de Género. La violencia machista es un problema público y social de primera magnitud, constituye el más cruel exponente de la falta de igualdad de nuestra sociedad y uno de los ataques más flagrantes a los derechos fundamentales de las personas, como son la libertad, la igualdad, la vida, la seguridad y la no discriminación, tal como ya proclama nuestra Constitución y nuestro Estatuto de Autonomía.

Desde el grupo municipal popular queremos hacer especial hincapié, por un lado en las mujeres de más de 65 años que están sufriendo violencia de género, y en las que las situaciones de convivencia prolongadas con el agresor, llevan a normalizar esas actitudes, y por otro lado en la población más joven, que parece estar reproduciendo de manera preocupante un sexismo y unos estereotipos de género que creíamos erradicados.

Tenemos pues, que seguir apelando a la unidad de todas las fuerzas políticas y al trabajo conjunto de Administraciones, Poder Judicial, Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, medios de comunicación y asociaciones especializadas, entre otros colectivos. De igual modo, resaltar el importante papel de la educación como la mejor herramienta para erradicar cualquier forma de violencia, que junto con el respecto, la libertad y la igualdad son los pilares básicos que deben estar siempre presente en la formación de una persona.

Estamos convencidos de que la escuela o el instituto son los ámbitos de socialización que más influyen en el aprendizaje de las personas, y por lo tanto, es en estos ámbitos donde se debe trabajar la prevención de actitudes sexistas y discriminatorias, fomentando la reflexión sobre los roles y los valores que rigen en la sociedad.

Por eso solicitamos que, con la participación de todas las concejalías, se ponga en marcha un “Programa de prevención escolar contra la violencia machista”, con actividades para alumnos/as de diferentes niveles de educación Primaria y Secundaria, durante todos los meses del año. Un plan de trabajo que apueste por fomentar actitudes contrarias a los estereotipos y prejuicios sexistas, orientar las

actividades en grupo y la práctica del diálogo en la solución de conflictos, y dar a conocer los valores universales que se fundamentan en la Declaración de los Derechos Humanos, en la Constitución Española y en el Estatuto de Galicia. Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone a la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

-Primero. El pleno del Concello de O Barco insta al Gobierno Municipal a que se comprometa a elaborar, y poner en marcha, un “Programa de prevención escolar contra la violencia machista”.

-Segundo. Los presupuestos municipales para el año 2015 contemplarán una partida específica con dotación económica suficiente para la ejecución de este programa”.

Fai uso da palabra a sra. Álvarez Diéguez, concelleira delegada de Servizos Sociais, Igualdade e Xuventude, que di que vai a contestar con datos e cita os programas que se realizaron sobre o prevención da violencia de xénero dende o ano 2003 ata o ano actual, citando os centros educativos e alumnos que participaron en ditos programas durante eses anos. Di que durante eses anos, dende o 2003 ata o 2014, que é o tempo que ela leva de concelleira, houbo unha constante nos programas de prevención de violencia de xénero dirixido a adolescentes, participando cada ano os cursos de 3º e 4º da ESO posibilitando que durante dous anos consecutivos aproximadamente 300 alumnos recibiran formación e sensibilización durante o taller que ten unha duración dunhas 15 horas e que está impartido por profesorado cualificado e con experiencia. Prosegue dicindo a concelleira que a parte deses programas o Concello puxo en práctica unha sensibilización para as familias e formación para o profesorado que son os que están máis cerca dos xoves, que a ela lle encanta a proposta que fai o PP e que con respecto a que debería de aplicarse durante todos os meses do ano pensa que sería ideal, pero que cre que había unha materia que se chamaba *educación para a cidadanía* que defendía isto do que se está a falar e que se aplicaba en todos os cursos dende case infantil ata terminar a educación obrigatoria, traballando as materias das que se fala na moción, de respecto, de igualdade, de violencia machista, é dicir, todos eses puntos impartíanse na *educación para a cidadanía*, pero agora non existe. Afirma a sra. Álvarez que a moción lle parece insultante, primeiro porque pide algo que se leva facendo dende fai máis de 12 anos, e segundo, por que o Estado reduciu en Igualdade un 33% no orzamento e a Xunta de Galicia reduciu de 30 millóns no ano 2009 ata 6 millóns o presuposto de prevención de violencia e, sen embargo, un Concello pequeno como o do Barco, cun presuposto reducido, segue ano tras ano mantendo dunha maneira constante a loita contra a violencia de xénero e o seu orzamento, cunha aportación da Xunta de 0 euros. Di que o que o equipo de Goberno ten claro que se non hai diñeiro por parte da Xunta ou do Estado vai a ter que poñelo o Concello,

priorizando, por suposto, e sabendo que non é labor do concello estes programas de prevención senón que é competencia da Xunta de Galicia e do Estado. Remata dicindo a concelleira que instar ao Concello do Barco que faga esa labor non é correcto, pois a moción tería que instar á Consellería de Educación para poñer en marcha un programa escolar de prevención en toda Galicia, que, como xa dixo, o Concello do Barco está a facer este programa dende fai 12 anos e que ogallá puideran realizar un programa maior.

Di a sra. Delgado Fernández lles parece sorprendente o que dixo a sra. Álvarez Diéguez. Di que non sabe a quen quere impresionar cos datos que deu e pregúntase si lle parecen suficiente nun tema tan importante como é a violencia de xénero os traballos que se están facendo e si a concelleira cre que non se poden mellorar e que porqué lle parece insultante que o seu Grupo faga unha proposta para mellorar eses servizos e esas campañas de prevención. Prosegue dicindo a sra. Delgado que falar de 15 horas ao ano dende o ano 2003, dedicadas a prevención e formación no eido da violencia de xénero non é para presumir e por iso o Grupo Popular pensa que dende a concellaría da sra. Álvarez a actividade se pode mellorar moito. Di a concelleira que quere que a sra. Álvarez Diéguez lle responda si o Concello ten constituída a mesa local que promove a Xunta, e que lle explique cál é o cometido e a participación da concelleira delegada nas charlas dende o ano 2003 das que deu conta, se foi a súa iniciativa e que dea unha relación das actividades que fai a concellaría para ese servizo ou prevención. Di a sra. Delgado que para promover actividades de prevención, de educación e de formación non sempre fai falta diñeiro, que o Grupo Socialista do Concello do Barco está acostumado a culpar á Xunta de Galicia e ó goberno do Estado da súa inactividade e iso xa empeza a cansar, que para facer campañas de prevención, formacións e incluso charlas por xente formada non fai falta gastar millóns.

Di a sra. Álvarez Diéguez que presumir ela pouco presume do que se fai na súa concellería, que lle parece ridículo ter que presumir deso, que lle parece insultante que non coñeceran que existe un programa que se está a facer e que leva funcionando dende o ano 2003, que por suposto que lle gustaría que o programa se desenrolara durante mais horas pero que non é competencia municipal, que o PP solo ten que comprobar en servizos sociais que a prevención non a teñen que levar os concellos e máis a prevención da violencia de xénero, que o equipo de goberno fai o que pode cos medios que ten e que lle parece que poucos concellos coa poboación do Barco fan ese tipo de programas tan constantes e durante tantos anos. Di que estes programas deberían de vir de arriba a abaixo, como se fai cos da drogodependencia, e no ámbito que pide o Grupo do PP, no escolar, debería vir da Consellería de Educación e que na materia de educación para a

ciudadanía cumpría este obxectivo. Remata dicindo a concelleira que a Mesa Local de Igualdade promovida pola Xunta está constituída.

Di o sr. Alcalde que non sabe si se fala dunha mesa concreta, que terían que explicalo, pero que dentro da Xunta Local de Seguridade unha das súas funcións é a Mesa de violencia de xénero, que está constituída e funciona perfectamente dende fai varios anos e que forman parte dela a Subdelegación do Goberno, la Xunta de Galicia, os Corpos e Forzas de Seguridade e os representantes de servizos sociais. Di que hai que deixar claro que na última reforma da Lei de Bases de Réxime Local non se lle deu ningunha competencia en servizos sociais aos concellos de menos de 20.000 habitantes, son todas da Xunta pero a día de hoxe se siguen prestando polo Concello. Di que o PP pide que se faga un proxecto dunha prevención para a que o Concello non ten competencia, loxicamente o grupo municipal do PP votaría en contra pois cando hai un informe desfavorable de Intervención ou de Secretaría a un asunto non votan a favor, e o proxecto dese programa viría informado desfavorablemente por Intervención porque non se teñen competencias. Prosegue dicindo o sr. Alcalde que ata fai dous cursos todo o que pide o PP dábase sistematicamente en todas as escolas de España e dá lectura aos contidos da materia de Educación para a Cidadanía de Dereitos Humanos, e di que pensa que hoxe en día seguen a darse os contidos da citada materia grazas á responsabilidade que teñen os profesores e porque consideran que é necesario, pero non porque haxa unha materia que o diga, e que o Concello o que facía era apoiar estas actividades que se facían no colexio por parte dos profesores con programas específicos, que moitos anos se financiaron sen aparecer nos orzamentos, con convenios que se asinaban co Ministerio de Servizos Sociais, gobernando o Partido Socialista e gobernando o PP, que aquí viñeron persoas expertas a formar a familias, a profesores e a darlle charlas aos nenos e nenas e que claro que é mellorable todo o que se está a facer na prevención escolar contra a violencia de xénero que hai un plan e que non fai falta facelo como pide o PP.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da proposición presentada co resultado de que, por nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e sete votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello non aproba a proposición presentada.

2 Rogos e preguntas.

Non se realizan.

3 Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 698/14 ata o nº 740/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de outubro e 6, 13 e 20 de novembro de 2014.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 698/14 ata o nº 740/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 30 de outubro e 6, 13 e 20 de novembro de 2014.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:05 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez